

Expediente núm.: 33/2016

Asunto: 1 Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela.

Procedemento: Convocatoria e bases de selección de persoal laboral temporal por concurso- 1 Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela.

Data de iniciación: 25 de maio de 2016

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 16 de xuño de 2016, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación no Concello de Paradela, en réxime de persoal laboral temporal, de 1 praza de Socorrista, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos, do teor literal seguinte:

“**Expediente núm.: 33/2016**

Asunto: 1 Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela.

Procedemento: Convocatoria e bases de selección de persoal laboral temporal por concurso- 1 Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela.

Data de iniciación: 25 de maio de 2016.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, por concurso de 1 Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela, e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 25 de maio de 2016, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria do posto de Socorrista piscinas municipais do Concello de Paradela.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDOS:

Nome e apelidos

D.N.I.

Carlos Fontal López

76.582.364-T

—EXCLUÍDOS:

Ningún.



Concello de Paradela

SEGUNDO.- Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula terceira das bases que regulan este proceso de selección, ditarase una soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose a relación definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO.- Visto o establecido na cláusula cuarta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador:

— Presidente: D. José Luís Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara (Lugo).

— 1º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado público do Concello de Friol (Lugo).

— 2º Vogal: D^a. Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Begoña Carrasco García, Empregada pública do Concello de O Páramo (Lugo).

— 3º Vogal: D^a. Maria José Golás Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada pública do Concello de Baralla (Lugo).

— Secretario: D. José López González, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Miguel Piñeiro Souto, Empregado público do Concello de Cospeito (Lugo).

CUARTO. O acto de valoración de méritos da fase de concurso, realizarase o vindeiro día 20 de xuño de 2016, ás 09:00 horas.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos da fase de concurso.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela, a 16 de xuño de 2016; do que, como secretario, dou fe.

O Alcalde,

Ante min

O Secretario-Interventor

Documento asinado dixitalmente ao marxe”

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Paradela, 16 de xuño de 2016.

O alcalde,

Documento asinado ao marxe electronicamente